

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



1. Con que obxectivo xorde esta convocatoria?

A convocatoria xorde dentro dun novo modelo de relación co mercado, no que se busca de eito transparente, a participación de todo tipo de entidades e persoas físicas ou xurídicas, que teñan a vontade de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para a identificación de propostas innovadoras que contribuirán ao proceso, desenvolvemento e execución de solucións e de servizos no ámbito dos retos definidos en Smartiago.

O obxectivo da consulta ao mercado é que, a partir das propostas recibidas, o Concello de Santiago de Compostela teña coñecemento suficiente das solucións máis innovadoras e óptimas existentes no mercado para o lanzamento de procedementos de licitación posteriores.

2. Que NON é a convocatoria aberta de ideas de solucións innovadoras?

A convocatoria aberta de ideas de solucións innovadoras:

- NON é un concurso de ideas.
- NON é unha convocatoria de axudas de proxectos de I+D+i.
- NON é un procedemento aberto de contratación.

3. Que é a Compra Pública de Innovación?

A Compra Pública de Innovación (CPI), como instrumento de política de innovación desde a demanda, é unha iniciativa orientada a potenciar sectores estratéxicos utilizando a compra das administracións públicas para fomentar o desenvolvemento tecnolóxico e a obtención de bens e servizos innovadores.

Este novo enfoque das compras públicas preséntase como unha ferramenta fundamental para o fortalecemento das empresas innovadoras, ao incentivar ao sector privado a realizar propostas de maior valor engadido para dar solución a proxectos estratéxicos da Administración.

A CPI persegue os seguintes obxectivos:

- a. A mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores.
- b. O fomento da innovación empresarial.
- c. O impulso á internacionalización da innovación empregando o mercado público local como cliente de lanzamento ou referencia.

O marco xurídico da Compra Pública de Innovación aparece recollido, fundamentalmente, na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, que incorpora as Directivas europeas na materia (1). Do mesmo xeito na Nova Lei de Contratos do Sector Público (NLCSP) – Lei 9/2017, resultado de incorporar as Directivas europeas 2014/23 e 2014/24, concesións e contratos,

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



refórzase a importancia de promover e potenciar a través da contratación pública aspectos sociais, medioambientais e innovadores.

(1) Directiva 2014/18 de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos.

4. Onde pode atopar información detallada sobre a Compra Pública de Innovación a nivel nacional?

Na web oficial do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, pode atoparse información relativa á Compra Pública de Innovación, así como a "Guía 2.0 para la Compra Pública de Innovación"

5. Cal é a diferencia entre unha "consulta ao mercado" ou consultas preliminares e "diálogo competitivo"?

A consulta preliminar ao mercado, regulada na nova LCSP, menciona que os órganos de contratación poderán realizar estudos de mercado e dirixir consultas aos operadores económicos que estiveran activos no mesmo coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos citados operadores económicos sobre os seus plan e dos requisitos que esixirán para concorrer ao procedemento. A consulta ao mercado será utilizada polo órgano de contratación para planificar o procedemento de licitación e, tamén, durante a substanciación do mesmo, sempre e cando isto non teña o efecto de falsear a competencia ou de vulnerar os principios de non discriminación e transparencia.

Non debe confundirse co diálogo competitivo, regulado na Lei 9/2017 (art. 172). No diálogo competitivo, a mesa especial de diálogo competitivo dirixe un diálogo cos candidatos seleccionados, previa solicitude dos mesmos, a fin de desenvolver unha ou varias solucións susceptibles de satisfacer as súas necesidades e que servirán de base para que os candidatos elixidos presenten unha oferta, xa contractual. Neste procedemento, os participantes, máis que presentar ideas e posibles especificacións funcionais ou de rendemento dunha determinada prestación para que se teñan en conta polo poder adxudicador, presentan xa as súas solucións, que son proxectos completos de prestación contractual.

6. Onde atopo información detallada do proxecto?

Na web do proxecto Smartiago poderanse obter, segundo vaia avanzando o proceso, contidos máis específicos sobre o proxecto.

7. quen pode participar nesta convocatoria?

Nesta convocatoria poden participar todo tipo de entidades e persoas físicas (ou xurídicas) que teñan vontade de participación e de colaboración co Concello de

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



Santiago de Compostela para o desenvolvemento do proxecto SMARTIAGO na súa definición, alcance, desenvolvemento e innovación.

Neste sentido, a convocatoria busca a participación de todo aquel que poida “achegar coñecemento” para o desenvolvemento e execución deste proxecto.

Na fase de contratación, só poderán participar as persoas naturais (ou xurídicas) nacionais (ou estranxeiras) que cumpran os supostos do artigo 65 da Lei 9/2017.

8. Onde presento a miña proposta?

As propostas enviaranse á seguinte dirección de correo electrónico: cm-smartiago@santiagodecompostela.gal

9. En que momento se define o modelo de explotación da idea proposta?

No suposto de que se produza a licitación do procedemento de contratación, definiranse as condicións do modelo de explotación da idea proposta no prego publicado.

10. Cando se considera que o reto está pechado?

Informarase desta situación a través da páxina web.

Considerarse que o proxecto está pechado no momento que se produzan as licitacións do procedemento de contratación, no caso de que esta proceda.

11. Cales son os criterios para a análise das ideas?

Os criterios a ter en conta para a análise das ideas propostas son:

- Adaptación da proposta á necesidade descrita no proxecto.
- Novidade que aporta respecto ao estado do arte (carácter innovador das propostas).
- Prazo de execución da proposta de solución.
- Escalabilidade.

12. Cantos proxectos se van licitar?

O número de licitacións coñeceranse despois da análise das diferentes propostas recibidas na consulta ao mercado e a publicación do mapa de demanda temperán.

13. Teño preferencia nas futuras contratacións por ser o presentador da idea?

Non. O propio procedemento da convocatoria de propostas de solucións innovadoras avala a “igualdade de trato” dos participantes nas futuras contratacións, e non garante ningún dereito preferente aos presentadores das ideas.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



A participación na convocatoria, o diálogo ou os contactos mantidos cos participantes, e os intercambios de información non poderán dar lugar a infraccións dos principios comunitarios de non discriminación e transparencia nin ter como efecto restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes desleais ou dereitos exclusivos non eventuais nos procedementos de contratación.

14. Que uso fará o Concello de Santiago de Compostela das propostas recibidas?

O Concello de Santiago utilizará as propostas internamente e dará publicidade ás solucións finais definidas polo propio Concello de Santiago de Compostela, para as que utilizará ou non calquera das propostas enviadas no marco da convocatoria aberta de ideas de solucións innovadoras.

O uso dos contidos das propostas enviadas no marco da convocatoria aberta de ideas de solucións innovadoras limitarase exclusivamente á posible inclusión de ditos contidos no proceso de definición do reto tecnolóxico, que se concretará nos pregos do procedemento de contratación que se tramite baixo a fórmula de Compra Pública de Innovación.

15. O Concello enviará unha resposta sobre a valoración da miña proposta?

O Concello de Santiago de Compostela non responderá individualmente sobre a valoración das propostas.

Poderá convocar unha reunión para aclarar puntos dunha proposta, sen significar esa reunión unha selección da proposta nin considerarse que é máis interesante que outra á cal non se convoque a reunión. As reunións servirán para completar información sobre a proposta ou solicitar matizacións da mesma.

16. A consulta ten criterios de selección?

A consulta non ten criterios de selección.

17. A solución debe ser innovadora?

Si, a solución debe ser novidosa. Aínda así, pode utilizar compoñentes xa existentes no mercado.

18. Existe algún límite de propostas por empresa?

Non, unha empresa pode presentar todas as ideas que considere.



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



19. Podo engadir documentos á miña proposta?

Si, poden engadirse documentos en diferentes formatos, cun límite de 10MB por ficheiro, así como unha URL dun vídeo explicativo.

20. Que grado de definición necesita unha idea para ser considerada?

A definición mínima para que unha idea sexa considerada é a que se indica nos distintos campos do formulario incluído na plataforma de ideas do proxecto SMARTIAGO.

21. Poden facerse consultas sobre o funcionamento da convocatoria?

A través do seguinte enderezo de correo electrónico poden enviarse consultas operativas sobre este procedemento:

cm-smartiago@santiagodecompostela.gal

Non se proporcionará información adicional sobre o contido do proxecto.